

## COPA GALEGA DE NATACIÓN BENXAMÍN

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-22

### 1.- ORGANIZACIÓN, DATAS E SEDES

- 1.1.- Na Copa Galega Benxamín poderán participar os doce mellores clubs clasificados da liga galega benxamín.
- 1.2.- A Copa Galega Benxamín celebrarase o día 23 de maio de 2009 en Ribeira na piscina A Fieiteira.
- 1.3.- As probas realizaranse nunha soa sesión, que dará comezo ás 17.00 horas.

### 2.- PROGRAMA DE PROBAS

1.- 4X50 libre mas 98-99	5.- 200 libre fem 99	9.- 200 estilos mas 98	13.- 100 estilos fem 00
2.- 4X50 libre mas 00	6.- 50 libre mas 99	10.- 200 estilos fem 99	14.- 4X50 estilos mas 98-99
3.- 4X50 libre fem 99-00	7.- 50 libre mas 00	11.- 100 estilos mas 99	15.- 4X50 estilos mas 00
4.- 200 libre mas 98	8.- 50 libre fem 00	12.- 100 estilos mas 00	16.- 4X50 estilos fem 99-00

### 3.- PARTICIPACIÓN

- 3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

Masculina: nacidos en 1998, 1999 e 2000

Feminina: nacidas en 1999 e 2000

- 3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participación.
- 3.3.- Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e dúas remudas.
- 3.4.- Cada club poderá inscribir dous nadadores por proba.
- 3.5.- Cada club poderá inscribir dous equipos de remudas.
- 3.6.- Aceptaranse substitucións de nadadores até 45 minutos antes do inicio da sesión, previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club inscrito na proba.
- 3.7.- O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas en dita sesión.
- 3.8.- Os clubs con dereito a participación deberán confirmala no prazo que se indique oportunamente. No caso de que algún non participase, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte clasificado na liga galega benxamín.

### 4.- INSCRICIÓN

- 4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEDGAN por correo electrónico a [inscripciones@fegan.org](mailto:inscripciones@fegan.org). Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato PDF (preferible) ou word.
- 4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEDGAN antes das 20.00 horas do día 13 de maio (mércores) de 2009, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida.

### 5.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN

- 5.1.- Disputaranse todas as probas contra o reloxo.
- 5.2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e a remuda mellor clasificada de cada club. No suposto de que un mesmo club teña clasificados as dúas remudas na mesma proba entre os 16 primeiros só puntuará a primeira. A clasificada despois non será puntuada, corréndose a súa puntuación ao seguinte na clasificación.
- 5.3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- 5.4.- A puntuación nas probas de remudas será: 30, 24, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

## 6.- CLASIFICACIÓN

6.1.- Faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais mais as remudas.

b) Total feminina en probas individuais mais as remudas.

c) Total conxunta. Será necesario ter competido en ambas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

## 7.- TÍTULOS E PREMIOS

7.1.- Entregarase un trofeo ao club clasificado en primeiro lugar na clasificación xeral conxunta como Campión Galego da Copa Galega de Natación Benxamín.

7.2.- Entregaranse medallas a todos os compoñentes dos tres primeiros equipos clasificados.

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN